

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE
PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA
DE DATA 19 DE DECEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezanove de decembro de dous mil sete, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación Municipal de data 13 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten á sesión outros concelleiros dos grupos municipais, intervindo nela, segundo consta nesta acta, don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE e don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º.- Proposta de resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais para o exercicio 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 13 de decembro actual.

Comeza don José Venancio Salcines Cristal manifestando que entenden que non é posible analizar co rigor necesario esta proposta. Van a desestimárllela, pois sería necesario contar co correspondente informe económico que analizase o impacto económico, e non se ten ese informe, pero iso non quita para que, de cara ao vindeiro ano, se analicen estas propostas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, contesta que manteñen as alegacións tal e como foron presentadas. Agardaban que durante este tempo se tivera feito o estudo e que outro grupo municipal o reconsiderara e votara a prol das propostas. Non obstante, noutro debate sobre modificación de ordenanzas fiscais, de aquí a un ano, manterán os mesmos motivos e agardan que o argumento non sexa o de non ter feito o estudo económico.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que están de acordo coas alegacións, pero dille ao representante do BNG que deberían facer unha reflexión e lémbbralles que algunhas alegacións presentadas por eles foron realizadas cando estaba no goberno municipal o BNG e o PSdeG-PSOE, polo que deberían manter o mesmo criterio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non sabe a que alegacións se refire, pero agora están na oposición, e formulan estas propostas que foron presentadas tamén a todos os grupos municipais neste exercicio e conclúe que ten claro onde están.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol do concelleiro do PSdeG-PSOE, dous votos en contra do concelleiro do BNG e do concelleiro de EU-IU, e a abstención do concelleiro do PP, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas por don Antón Otero Domínguez, en nome e representación do Bloque Nacionalista Galego de Cambre.

Segundo: Aprobar con carácter definitivo para o exercicio 2008 e seguintes as modificacións das Ordenanzas fiscais aprobadas provisoriamente por acordo plenario de 25 de outubro do presente ano, mantendo o devandito acordo en todos os seus termos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

A secretaria

Francisco Javier Varela Tejedor

M^a Luisa de la Red Ampudia